

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

A deputada **Yolanda Díaz Pérez**, integrante do **grupo parlamentari da Alternativa Galega de Esquerda**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral no Pleno**, relativa á situación do xulgado de paz de Culleredo.

A administración de xustiza sofre os incesantes recortes que practica unha Xunta que non quere dotar dos recursos suficientes a un servizo público esencial para a vixencia dun réxime democrático. Dende a negativa a crear novos órganos xudiciais que superen o colapso en varias xurisdicións ate a negativa a crear un órgano encargado especificamente de combater a corrupción política-empresarial, pasando polos atrancos ao mero funcionamento dos xulgados de paz, atrapados na falla de material e persoal, a Xunta sostén unha práctica obstruccionista en materia de xustiza.

En concreto e para pór un exemplo, o xulgado de paz de Culleredo atende a unha poboación de máis de 30.000 habitantes e o fai cunha dotación de persoal insuficiente e comparativamente menor respecto de outros xulgados que atenden poboacións semellantes. O xulgado conta con 3 persoas traballadoras cando noutros casos análogos son 4-5 as persoas en plantilla.

A situación deste xulgado de paz agrávase toda vez que a causa dunha baixa sen cubrir hai 10 meses que funciona co traballo de só 2 funcionarios coas consecuencias lamentables de agravar de xeito intolerable a carga de traballo no xulgado e demorar todos os trámites. Só as denuncias públicas teñen movido á Xunta a saír da súa negligente pasividade e anunciar a resolución “no prazo máis breve posible”.

A este problema de falta de persoal engádese a falla de operatividade do material informático noutro exemplo práctico dos atrancos para informatizar a xustiza que non é quen de superar a Xunta. A dixitalización da xustiza que publicita a Xunta se traduce no uso das máquinas de escribir para tramitar os xuízos de faltas.

A conclusión deste sucinto retrato é que a xustiza de proximidade non lle importa en absoluto á Xunta.



En atención ao sinalado, o grupo parlamentar presenta a seguinte pregunta para a súa resposta no Pleno:

- Que medidas de urxencia vai adoptar a Xunta para dotar ao xulgado de paz de Culleredo do cadro de persoal suficiente, comezando por cubrir a baixa, e dos medios técnicos apropiados para informatizar as súas actividades, entre outras coa aplicación de xestión de procedementos Minerva??

En Compostela, 13 de xaneiro do 2015.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 13/01/2015 13:22:22